

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xullo de 2007

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1417).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1418).- DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO DE COMPETENCIAS EN RELACIÓN COA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Vista a solicitude da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 20.07.07, e de acordo coa proposta do Excmo. Alcalde, do 23.07.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Delegar na concelleira da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo o outorgamento das preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

3(1419).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/614, 22/2066, 23/1706, 22/1874, 14/1727.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Amelia Gómez Barcia. Expte. 14/1727.
- D^a. Teresa Barrasa Ceruelo. Expte. 22/1874.
- D^a. Pastora Guerrero Gesteira. Expte. 23/1706.
- D. José Barros Alfaya. Expte. 22/2066.
- D^a. Elvira Domínguez Acebo. Expte. 23/614.

4(1420).- ABOAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ “IMAXINA SONS’07”. EXPTE. 10351/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 9.07.07, conformado polo xefe do departamento de Cultura, o concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar un gasto por un importe total de 14.667,36.-€, a favor da SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES (SGAE), CIF G-28029643, en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do *Festival de jazz IMAXINA SONS’07*, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio.

5(1421).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DE EXECUCIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS – LOTE 1 (AREAL, PINTOR COLMEIRO E POLICARPO SANZ). EXPTE. 72151/210

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 20.07.07, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello 19 de xullo de 2007 D. Eloy García Alvariza, en representación da entidade adjudicataria do lote 1 do contrato para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e explotación de tres aparcamentos subterráneos nas rúas Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz presenta escrito no que interesa que por problemas derivados de entrega de documentación para a correcta elaboración dos proxectos de execución dos mencionados aparcamentos ocasionada pola demora na entrega das empresas concesionarias dos servizos públicos dos correspondentes proxectos para os seus desvíos e a dificultade das campañas xeotécnicas do solo pola centralidade das rúas interesan a ampliación do prazo de presentación dos

proxectos de execución ata o próximo día 13 de decembro de 2007, o que supón unha ampliación de tres meses sobre a data prevista nos pregos reguladores do concurso.

Con independencia de que as razóns expostas xa son de por sí suficientes para a admisión do solicitado non é menos certo que a propia entidade concesionaria, en cumprimento das súas obrigas contractuais presentou os correspondentes proxectos de intervención arqueolóxica dos referidos aparcamentos que no día de hoxe se remiten á concellalía de Patrimonio Histórico para a súa remisión á Delegación Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para informe, valoración e aprobación, e, así mesmo, ten que terse en conta que a resolución pola que se informe favorablemente pode estar condicionada á adopción de diferentes medidas técnicas que incidirían, no suposto de que así se contemplase, na redacción definitiva dos correspondentes proxectos de execución.

En definitiva se trata da interpretación dun dos documentos contractuais do contrato concesional que lle corresponde realizar á Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación do Concello, razón pola que procede E SE LLE PROPÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Outorgar á UTE Eloymar Tranvías, entidade adjudicataria do lote 1 do contrato para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e explotación de tres aparcamentos subterráneos nas rúas Areal, Pintor Colmeiro e Policarpo Sanz, a ampliación do prazo previsto no prego para a presentación dos proxectos de execución dos aparcamentos subterráneos en ditas rúas polo tempo de tres meses, establecendo como data límite para a entrega dos mesmos o vindeiro 13 de decembro de 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1422).- SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE MONTES VECINALES EN MAN COMÚN DE CABRAL DE DAR DE BAIXA A PARCELA Nº 10 DO INVENTARIO MUNICIPAL. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 8.01.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio nesa data, que di o seguinte:

Normativa de Aplicación:

- Lei 7 /1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL). L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME PROPOSTA

Primeiro.- D. Luis Rodríguez Pérez en nome da Comunidade de Montes Vecinales en man Común de Cabral, solicita en data 2 de febreiro de 2006, a baixa no inventario municipal de bens do Concello da propiedade nº 10 ao considerala que forma parte do monte veciñal de Cabral e non ao patrimonio do Concello.

En data 18 de decembro do 2006 apórtase pola solicitante nova documentación, como mellora da solicitude

Segundo.- A parcela obxecto de reclamación consta como propiedade municipal nº 10 no Inventario municipal de Bens e dereitos, aprobado por acordo do pleno de 4 de maio de 1993, baixo a denominación de “Parcela Cementerio de Puxeiros”, dunha superficie de 930.37 m2, aprobada a súa adquisición por acordo do Pleno de 28.05.1972 e formalizada en escritura Pública de data 14.04.1979 co nº 1341 do protocolo do Notario D. Alberto Casal Rivas.

Terceiro.- Frente a iso, a comunidade de Montes reclamante, límitase unicamente a alegar a súa pertenza, sen aportar título algún na que a fundamente, a pesar de terlle outorgado un prazo ao efecto, sinalando no seu escrito do 18 de decembro pasado, que “en el momento en que resulte posible se procederá a la aportación de documentación complementaria acreditativa de la titularidad de la Comunidad de Montes de Cabral en relación coa parcela cuxa baixa no Inventario solicita”.

Cuarto.- A teor do exposto, resulta improcedente e carente de toda fundamentación xurídica a reclamación formulada pola CMVM de Cabral, estimándose polo contrario, axustado a dereito, a alta da parcela no IMBD acordada polo Pleno Municipal o 4.05.1993, baseada na titularidade dominical que o concello ostenta sobre a mesma, como así consta e acredítase en documento publico de data 14.04.1979.

Quinto.- Resulta competente para a resolución da presente reclamación, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 127. 1.f. da Lei 7/85 do RBRL.

Por todo o que antecede PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

UNICO.- Desestimar á reclamación formulada por D. Luis Rodríguez Perez, en nome da Comunidade de Montes Vecinales en man Común de Cabral, sobre a propiedade nº 10 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, ao carecer de toda motivación xurídica a baixa solicitada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1423).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA Á “ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO” DO PROGRAMA SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 1894/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica do 7.07.07, o informe de Intervención Xeral do 18.07.07 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Contratación, do 20.07.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Asociación de Mulleres Progresistas a fianza de 4.800 €, constituída para responder do servizo de atención domiciliaria á infancia, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

8(1424).- RECLAMACIÓN DE D^a. DIVINA IGLESIAS VILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 517/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 4.07.07, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Divina Iglesias Vila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de febreiro de 2005, no que expón que, camiñando pola rúa Alfredo Brañas, á altura do número 8, tivo unha caída por mor dunhas lousas desprendidas que había na beirarrúa, producíndose danos de carácter material e físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 21/03/2005, indicando que o desperfecto non era visíbel.*
- *Práctica de proba testifical, con data 03/06/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Iglesias.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 658,55 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 14/06/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de

Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte co dito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

E así:

- Resulta constatado no expediente que a reclamante caeu na rúa Alfredo Brañas á altura do número 8. Da proba testifical practicada que a caída foino a consecuencia de defectos na beirarrúa consistentes nunhas baldosas deterioradas, que no informe do servizo de Vías e Obras emitido e que hai no expediente indícase que están asentadas aínda que soltas.
- Se ben a caída tivo lugar ó mediodía e no lugar había unha normal visibilidade, cómpre ter en conta que segundo o informe citado non é fácil mirar o desperfecto, móvense as baldosas ó seren pisadas, o que ocasiona tropezo e caídas, sen que existise disto ningunha sinalización na zona, e a reclamante é usuaria de anteollos.
- Respecto ós danos físicos que se reclaman hai ditame médico no expediente que os valora en 658,55 euros, considerando á vista da documentación médica que hai no expediente, 20 días de curación, sen que resten secuelas do accidente, xa que estas secuelas non resultan acreditadas no expediente.
- Tampouco está acreditado que a interesada rompese os seus anteollos a consecuencia da caída, por canto a única testemuña dos feitos sen relación de parentesco coa reclamante non reconece este feito, e no parte do servizo de Urxencias ningunha referencia se fai a feridas no rostro a consecuencia da dita rotura como así o afirma a reclamante, sen que as súas manifestacións teñan virtuosidade probatoria a estes efectos.

De todo o anterior, resulta acreditado que a reclamante caeu na vía pública a consecuencia do defectuoso funcionamento dun servizo público, polo que procede indemnizala na contía de 658,55 euros, cantidade na que se valoran os danos padecidos.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar en parte a reclamación patrimonial formulada por Dna. Divina Iglesias Vila polas lesións sufridas por mor dunha caída acaecida na rúa Alfredo Brañas e indemnizala coa contía de 658,55 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda estimar en parte a reclamación patrimonial formulada por Dna. Divina Iglesias Vila polas lesións sufridas por mor dunha caída acaecida na rúa Alfredo Brañas e indemnizala coa contía de 658,55 euros.

9(1425).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES ÓS MESES DE MAIO-XUÑO DE 2007. EXPTE. 17456/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.07.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da Área de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de **14.915,18 €** correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Benestar Social, Mobilidade e Seguridade, Parque Móbil, Ospio, Patrimonio e Contatación, Limpeza, Vías e Obras, Participación e Atención Ciudadá, Museo Municipal de Vigo “ Quinoñes de León”, Educación, Cemiterios, Sanidade, Conserxería e Inspección de Tributos con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servizo	Total
3130	Benestar Social	43,58
2220	Mobilidade e Seguridade	1508,98
1212	Parque Móbil	248,03
5110	OSPPIO	1891,62
1211	Patrimonio e Contratacion	113,62
4420	Limpeza	1706,12
5110	Vias e obras	4334,73
4631	Atencion cidadada	40,66
4513	Museo Municipal "Quiñones de León"	41,04
4220	Educación	902,94
4430	Cementerios	154,85
4120	Sanidade	373,16
1210	Conserxería	635,74
6110	Inspección de Tributos	2920,11
	TOTAL	14.915,18

10(1426).- CESE DE CATRO FUNCIONARIOS INTERINOS SUBALTERNOS POR EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO. EXPTE. 17465/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 26.07.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 12 de febreiro do 2004 -autorizada pola Xunta de Goberno Local de 9 de febreiro do mesmo ano- procedeuse ao nomeamento de D^a. Rosa Marta Crespo Vidal, con DNI nº 36.995.141-L e nº de persoal 9398, como funcionaria interina con cargo a unha praza vacante de Subalterno, no marco do funcionamento das listas de persoas que, superando a totalidade dos exercicios correspondentes a un proceso selectivo, non obtiveron praza en propiedade.

Asimesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xuño de 2004, nomeou interinamente con cargo a varias prazas de subalternos a D. César Aguiar Castro, D.N.I. 36.130.119-V e a D^a M^a Angeles González Peinado, DNI 36.091.980-N; con posterioridade, na Xunta de Goberno Local de 11 de outubro seguinte foi nomeada -tamén con carácter interino con cargo a praza vacante de subalterno- D^a M^a José Jelusich Diz, con DNI 36.031.327-X,

debendo significarse que nos catro casos facíase constar no propio acordo que a relación funcional de interinaxe extinguírase automaticamente no momento no que se cubrisen definitivamente as prazas ás que se adscribían os/as interesados/as, previa resolución dos procedementos públicos que a tales efectos fosen convocados.

Executada a oferta de emprego público correspondente ao ano 2005 -na que se incluíron, entre outras, as referidas prazas- por acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de xullo de 2007 dispúxose o nomeamento dos/as aspirantes propostos/as polo correspondente órgano de selección, debéndose proceder en consecuencia ao cesamento efectivo do persoal interino que ven ocupando, con dito carácter, as prazas ofertadas, de xeito que os/as aspirantes nomeados/as poidan regulamentariamente tomar posesión das prazas en propiedade.

A propia Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 10.3 que o cesamento dos funcionarios interinos se producirá cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais dos supostos previstos no artigo 63 da mesma norma. Dita previsión tamén se recollía na normativa anteriormente vixente en materia de función pública; en concreto, na Lei de Funcionarios Civís do Estado de 1964 (actualmente aínda vixente no que non se opoña á Lei 7/2007).

Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en materia de persoal, segundo o establecido no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, proponse ao dito órgano municipal a adopción do seguinte ACORDO:

“PRIMEIRO.- Cesar por imperativo legal nas prazas de Subalterno que actualmente ocupan aos/ás funcionarios/as interinos/as D^a. ROSA MARTA CRESPO VIDAL, con NIF 36.995.141-L, D. CESAR AGUIAR CASTRO, NIF 36.130.119-V, D. M^a. ANGELES GONZALEZ PEINADO, NIF 36.091.980-N e D^a. M^a. JOSE JELUSICH DIZ, NIF 36.031.327-X, con efectos económicos e administrativos dende o día 5 de agosto de 2007.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ó/ás interesado/as, Unidade de persoal, Organización e Métodos, xefe do Servizo de Cultura, Director de CEDRO, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1427).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT. EXPTE. 17459/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral do 24.07.07, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 18.07.07, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En instrucción do servizo de data 16 de xullo do 2007 o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente ordenou á Unidade de Persoal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local das modificacións nos postos de traballo na mesma indicados, concretadas en:

-Redenominación do posto de traballo “xefe/a do servizo de extinción de Incendios” en “xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios”, con idénticas retribucións ás que dispón na actualidade.

-Redenominación do posto de traballo “xefe/a da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Transportes” en “xefe/a do servizo de Transportes”, con complemento de destino correspondente ao nivel 28 e complemento específico código 6.

Os postos de traballo citados se atopan provisoriamente ocupados polos funcionarios municipais D. Juan Comesaña Alén (Xefe do Servizo de Extinción de Incendios) e D^a Carmen Pintado García (Xefa da Área de Mobilidade e Seguridade) segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/07/2006 (expediente administrativo nº 16.539/220) no marco da reestructuración da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Transportes.

A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios figura vinculada e inherente á praza de Oficial Xefe de Extinción de Incendios, da cal é titular D. Juan Comesaña Alén, en virtude de acordo plenario de 30 de xuño de 1978.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A recente entrada en vigor o pasado 13 de maio do novo marco normativo constituído pola Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata o momento; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II. De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPT ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV. Consecuentemente, non se observan impedimentos legais para propoñer a modificación puntual proposta, toda vez que se trataría dun cambio de denominación de dous postos de traballo, dos cales non afectaría ás retribucións inherentes á actual Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios, a cal dispón dun complemento específico idéntico ás xefaturas de área (non así o complemento de destino, que deberá permanecer como nivel 26 en aplicación do disposto 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso, Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional, de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local, que establece os intervalos de niveis mínimos e máximos e consigna expresamente que en ningún caso os funcionarios poderán obter postos de traballo non incluídos nos niveis de intervalo correspondentes ao grupo no cal figure clasificado o seu corpo ou escala, pertencendo o Sr. Comesaña Alén ao grupo B, que ten nivel de máximo complemento de destino de 26). A devandita xefatura pasaría a denominarse “xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios”, sen prexuízo de que debería dispoñer dun nivel de complemento de destino correspondente ao 28, no caso de ser ocupada por un funcionario/a encadrado no grupo A.

Pola súa banda, o posto de traballo actualmente denominado “xefe/a da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Transportes” se transformaría, de conformidade coa instrucción do servizo dada por Alcaldía, nunha xefatura de servizo, pasando a denominarse “xefe/a do servizo de Transportes”, con cambio retributivo, de xeito tal que dispoña dun complemento de destino correspondente ao nivel 28 e un complemento específico código 6, sen prexuízo de que a dita transformación debería responder a unha reorganización da Área concreta, definindo as competencias e estrutura do futuro Servizo de Transportes e as funcións propias do posto de traballo cuxa creación se ordena.

V. As referidas transformacións non parecen implicar alteración do cadro de persoal presupostario aprobado polo Pleno do Concello en data 28/02/2005 (publicado no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, xunto coa RPT) xa que os postos de traballo citados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación presupostaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo

de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

VI. Vistas as consideracións e informes expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada pola Alcaldía en data 30/06/2006, e previo o preceptivo informe de fiscalización que emita a Intervención Xeral do Concello en canto ás modificacións retributivas dos complementos específico e de destino en senso descendente, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar a redenominação do posto de traballo de “xefe/a do servizo de extinción de Incendios” en “xefe/a da Área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico, Transportes e Extinción de Incendios”, mantendo idénticas retribucións ás que dispón na actualidade, e ao cal figura adscrito provisoriamente do funcionario municipal D. Juan Comesaña Alén, con nº de persoal 8214.

SEGUNDO.- Acordar a transformación dun posto de traballo existente de xefe de área nunha xefatura de servizo, procedendo á redenominação do posto de traballo de “xefe/a da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Transportes” en “xefe/a do servizo de Transportes”, ao cal figurará provisoriamente adscrita a funcionaria D^a Carmen Pintado García, con nº de persoal 15148, acordando simultaneamente a modificación retributiva do mesmo, con complemento de destino correspondente ao nivel 28 e complemento específico código 6.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados/as, concelleiros-delegados e xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Réxime Interior, Unidade de Persoal e Organización e Métodos aos efectos oportunos.

QUINTO.-Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1428).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO SEDA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 2542/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 6.06.07, conformado polo xerente e o interventor xeral, que di o seguinte:

Con data 23 de xuño de 2005 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo adxudicou o concurso para a contratación por un prazo de dous anos do servizo de limpeza do edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo, á empresa “Limpezas del Noroeste, SA” (LINORSA), polo prezo anual de 39.351,84 €.

O devandito prazo de 2 anos remata o vindeiro 30 de xuño de 2007.

Tendo en conta que o servizo estase prestando correctamente e que permanece a necesidade de prestación, existindo crédito adecuado e suficiente (AD-200700001369), de conformidade co previsto polo artigo 198.1 do texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño) e pola cláusula IV do prego único de prescripcóns técnicas e cláusulas administrativas particulares que rexeu esta contratación, cómpre autorizar a prórroga do devandito contrato por un prazo de dous anos, con vixencia ata o 30 de xuño de 2007 e mantendo as mesmas condicións (sen prexuízo das actualizacións do prezo en función das variacións do IPC).

A empresa adxudicataria deberá prestar conformidade con esta proposta por tratarse dunha prórroga de mutuo acordo.

En consecuencia con todo o exposto, propónse ó Consello da Xerencia a adopción do seguinte acordo:

“Prorrogar por dous anos o contrato de servizo de limpeza do edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, adxudicado á empresa “Limpezas del Noroeste, S.A.”, nas mesmas condicións que as establecidas na adxudicación realizada no ano 2005”.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda prorrogar por dous anos o contrato de servizo de limpeza do edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, adxudicado á empresa “Limpezas del Noroeste, S.A.”, nas mesmas condicións que as establecidas na adxudicación realizada no ano 2005”.

14(1429).- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 2559/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Centrais, do 17.07.07, conformado polo secretario da Xerencia de Urbanismo e a delegada de Urbanismo, que di o seguinte:

De conformidade co artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o órgano de contratación para a adxudicación dos contratos por procedemento aberto ou restrinxido estará asistido por unha Mesa constituída por un Presidente, os vocais e un Secretario, designados polo órgano de contratación. No procedemento negociado a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación.

En aplicación do mesmo artigo 81 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do artigo 79 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, do artigo 113.3ª do Real Decreto Lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e do artigo 327.2ª da Lei galega 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a composición mínima necesaria estará integrada polo Presidente e por varios vocais entre os que deben figurar o secretario e o interventor.

En consecuencia, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente conforme o artigo 127.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, DEBERÁ ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Designar aos membros da Mesa de contratación do organismo autónomo Xerencia municipal de urbanismo, que quedará integrada a partir de agora polos seguintes membros:

▪ **PRESIDENTE:**

O Alcalde-Presidente da XMU, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, ou o membro da Xunta de Goberno Local ou concelleiro/a no que delegue.

▪ **VOCAIS:**

- *O Xerente da XMU, unha vez nomeado.*
- *O secretario da XMU e letrado da Asesoría Xurídica municipal D. Francisco de Cominges Cáceres ou o Técnico de Administración Xeral no que delegue.*
- *O interventor xeral do Concello, D. Juan Ramón González Carnero, ou funcionario no que delegue.*
- *O director dos servizos centrais da XMU, D. Juan González Ramírez ou funcionario de Servizos Centrais no que delegue.*
- *O xefe do servizo da Xerencia que corresponda en función da natureza do expediente obxecto de tramitación.*

▪ **SECRETARÍA:**

A xefa da oficina de secretaría da XMU, D.ª Mónica Escariz Couso, como titular, e D.ª Mónica Domínguez Estévez, como suplente, para a realización das funcións auxiliares asociadas á secretaría da Mesa.

SEGUNDO.- As funcións e atribucións da Mesa de contratación serán as sinaladas na normativa reguladora da contratación das Administracións públicas, correspondéndolle por tanto:

a).- A cualificación da documentación presentada polos licitadores, declarando a súa admisión ou exclusión.

b).- A realización do acto público de apertura das proposicións económicas dos licitadores admitidos nos concursos e subastas e, de ser o caso, nos procedementos negociados.

c).- Formular proposta de adxudicación ós órganos de contratación, agás no relativo ós contratos menores, que se adxudicarán directamente polos órganos competentes da Xerencia conforme á normativa en vigor.

A apertura das proposicións presentadas terá lugar, con carácter xeral, ás 10 horas do primeiro martes seguinte ó día en que remate o prazo de presentación das mesmas, constituíndose para estes efectos a Mesa de contratación nas dependencias da XMU. Se coincidese en día inhábil ou se por causas de forza maior non puidese celebrarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

TERCEIRO.- Para a válida constitución da Mesa de contratación requirirase a presenza do presidente, do secretario da XMU e o Interventor, ou dos que os substitúan, e da metade polo menos dos seus membros.

CUARTO.- Os efectos desta Resolución comezarán a partir da data da súa sinatura, quedando sen efecto o anterior Decreto de 02.02.2004 da entón Alcaldesa-Presidenta.

QUINTO.- *Notifíquese aos funcionarios designados e, conforme co previsto no artigo 79.2 do RD.1098/2001, de 12 outubro, de Regulamento xeral da LCAP, publíquese no Boletín Oficial da Provincia.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1430).- APROBACIÓN PROVISIONAL DE AXUDA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA NA RÚA CESTEIROS Nº 7-2º. EXPTE. 269/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 8.06.07, conformado polo xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en R./ CESTEIROS 7, 2 -, a Manuel Araujo Viso con NIF 36019658W executadas ao abeiro do Convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 26 de febreiro de 2004 e 9 de marzo de 2007 (Remate 6ª Fase).

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante Manuel Araujo Viso, a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 5.000,00 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 5.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

16(1431).- SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23.05.07 POLO QUE SE ADXUDICA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE.72171/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, do 27.07.07, informado favorablemente polo titular da Asesoría Xurídica o 30.07.07, que di o seguinte:

En data 28-06-2007, D. José M^a Paz Sánchez, en nome e representación da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A, presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de goberno Local de data 23 de maio de 2007 polo que se adjudica a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER) (Expte 72171/210) á empresa DORNIER, S.A.

En dito recurso solicita a suspensión do citado acto administrativo, basándose en causa de nulidade de pleno dereito polo motivo previsto no art. 62,1 e) LRJPAC, de conformidade co art. 111,2 b) da LRJPAC ofrecendo ao efecto as medidas cautelares que prudencialmente se acorden.

Pois ben, o citado artigo 62 nº 1 establece que:

- Os actos das Administracións públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivas de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.
- e) Os dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñan as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colegiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

A solicitude de suspensión está fundamentada na nulidade de pleno dereito do acto obxecto de recurso - Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2007- sen que por parte do recurrente se expoña nin demostre cales son en concreto os motivos polos que considera o acto nulo de pleno dereito e sen que se desprenda a citada nulidade do contido das alegacións .

Polo exposto, e non apreciándose que sexa de aplicación ao citado acordo ningunha das causas de nulidade incluídas no artigo 62,1 e en concreto o apartado e) citado polo recurrente no seu escrito, posto que no expediente de adjudicación seguíuse escrupulosamente o procedemento legalmente establecido e non se prescindiu das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colegiados, fórmulase a seguinte:

PROPOSTA

Desestimar a solicitude de suspensión do acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 -05-2007 polo que se acorda adjudicar a contratación da Xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (XER), á empresa Dornier, S.A., formulado pola empresa Estacionamientos y Servicios, S.A, por non apreciarse que no mesmo se incurra en causa de nulidade de pleno dereito recollido no artigo 62,1 da LRJ e PAC.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1432).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás ----- . Como secretaria dou fé.